



lanzadeXras

tema 7: xestión

módulo 26

finanzas



XUNTA
DE GALICIA



tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 25 | a tempo

módulo 26 | finanzas

módulo 27 | fiscalidade

módulo 28 | constituíe

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

GramolaEmprendedora



Escoita
Vertigo
U2



tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

A PARTIDA DOBRE

A contabilidade xorde para responder á pregunta: canto vale o patrimonio nun momento determinado?

Os feitos contables son os sucesos económicos que afectan o patrimonio dunha empresa.

Os feitos contables reflíctense na empresa en forma de asentos (no libro Diario).

A contabilización dos feitos contables realízase baseándose no método da “partida dobre”.

A partida dobre hanos permitir reflectir a fotografía do patrimonio como un inventario valorado de elementos patrimoniais clasificados en dúas columnas, a de investimento e a de financiamento; inventario ao que denominamos balance de situación; é unha “fotografía” a unha data determinada.

En cambio, na contabilidade por partida simple séguese o principio de caixa, é dicir, os movementos contabilízanse unicamente cando modifican o saldo das contas de tesourería, entradas e saídas de diñeiro.

tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

AS CONTAS DE ACTIVO

Empezaremos por definir, que é unha “masa patrimonial”: conxunto de elementos patrimoniais con características homoxéneas.

Clases de masas patrimoniais: activo, pasivo e patrimonio neto.

O Plan Xeral de Contabilidade define o activo como bens ou dereitos propiedade da empresa.

Bens: elementos tanxibles propiedade da empresa (edificios, mercadorías, existencias,...)

Dereitos: elementos intanxibles propiedade da empresa (dereitos de cobramento de clientes, patentes,...)

Bens e dereitos son representativos de aplicación dos fondos ou investimentos realizadas, por iso, a esta masa patrimonial denomínaselle tamén estrutura económica da empresa ou destino dado aos recursos financeiros, e reflicte o que a empresa posúe (diñeiro, maquinaria, terreos, edificios, dereitos de cobramento, etc.)



tema 7: xestión
módulo 26
semana 7 | día 2
lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

AS CONTAS DE PASIVO

Masa patrimonial de pasivo. O Plan Xeral de Contabilidade define o pasivo como as "obrigas actuais xurdidas de sucesos pasados,...".

Obrigas: responsabilidades da empresa fronte a terceiros (débeda a provedores e préstamos do banco).

Chámase tamén estrutura financeira da empresa (financiamentos obtidos) ou orixe dos recursos financeiros.

AS CONTAS DE NETO

Matematicamente, para a determinación do valor dos fondos achegados polos socios calculamos a diferenza entre o valor total dos bens e dereitos e o valor total das obrigas contraídas con terceiros, é dicir, calculamos o "valor neto" do noso patrimonio, por iso, o valor dos fondos achegados polos socios denomínase "neto patrimonial" (usualmente "patrimonio neto" ou "neto").

tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo



O Plan Xeral Contable define o patrimonio neto como "a parte residual dos activos da empresa, unha vez deducidos todos os seus pasivos, e inclúe as achegas realizadas, xa sexa no momento da súa constitución ou xa noutros posteriores, polos seus socios ou propietarios, que non teñan a consideración de pasivos, así como os resultados acumulados ou outras variacións que afecten".

O patrimonio, en esencia, recolle as débedas que a empresa ten cos seus propietarios.

OS INGRESOS

Un ingreso é un incremento dos fondos propios...

O Plan Xeral de Contabilidade (PXC), na súa primeira parte, Marco Conceptual, define os ingresos como: "incrementos no patrimonio neto da empresa durante o exercicio, xa sexa en forma de entradas ou aumentos no valor dos activos, ou xa de diminución dos pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en achegas, monetarias ou non, aos socios ou propietarios, na súa condición de tales".

tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

OS GASTOS

Os gastos son unha diminución dos fondos propios.

O Plan Xeral de Contabilidade (PXC), na súa primeira parte, Marco Conceptual, define os gastos como: "diminucións no patrimonio neto da empresa durante o exercicio, xa sexa en forma de saídas ou diminucións no valor dos activos, ou xa de recoñecemento ou aumento do valor dos pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en distribucións, monetarias ou non, aos socios ou propietarios, na súa condición de tales".

Exemplo:

Venda dun activo; xeralmente realízase a un prezo distinto de adquisición, o que implicaría:

Se prezo venda > Prezo compra = Beneficio => Ingreso (novo financiamento)

Se prezo venda < Prezo compra = Perda => Gasto

(redución de financiamento dispoñible)

tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadeiras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

PERDAS E GANANCIAS

Ingresos e gastos modifican o valor do patrimonio, pero no balance recóllense unicamente polo saldo da devandita modificación.

$$\text{Resultado} = \text{Ingresos} - \text{Gastos}$$

“Conta de perdas e ganancias” ou “conta de resultados” ofrece as diferentes partidas de gastos, ingresos, perdas e ganancias derivadas das operacións realizadas pola empresa, que forman parte do resultado xerado durante un exercicio económico.

ASENTO, MAIOR E BALANCE

En contabilidade, denomínase asento contable a cada unha das anotacións ou rexistros que se fan no libro diario de contabilidade, que se realizan coa finalidade de rexistrar un feito económico que provoca unha modificación cuantitativa ou cualitativa na composición do patrimonio dunha empresa. No sistema de partida dobre, cada asento componse polo menos de dúas anotacións: unha ao debe e outra ao haber.

tema 7: xestión

módulo 26

semana 7 | día 2

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo



O libro Maior ten o carácter de voluntario para a empresa, e recolle o movemento e o saldo de todas as contas contables que interveñen no patrimonio da empresa.

O balance de sumas e saldos, tamén coñecido como balance de comprobación, mostra o balance dos saldos debedores e acredores das contas dunha empresa nun momento determinado. É útil para a empresa, xa que mostra facilmente se existe algún erro nos maiores contables dalgunha conta do libro diario.

RESULTADO E SITUACIÓN ECONÓMICA

A contabilidade é a linguaxe económica da empresa, e a ferramenta fundamental para a determinación do beneficio é a contabilidade.

Resultado = Ingresos - Gastos => vese reflectido (e detallado) na “conta de perdas e ganancias”.

E para valorar a situación económica da empresa, temos o “balance de situación”, que como xa comentamos, é unha “fotografía” da empresa a unha data determinada; nela podemos ver o inventario valorado dos bens, dereitos e obrigas da empresa, e determinar o patrimonio neto.

